Na lingua castelá só se dan dúas contraccións:

1. **al** [**a** (preposición) + **el** (artigo)]
2. **el** [**de** (preposición) +**el**(artigo)]

***Exemplo:*** ***Al*** *señor le hablaron* ***del*** *viaje a Madrid.*

Sen embargo, na lingua galega encontramos bastantes máis. Algunhas delas recóllense nos seguintes recadros, que tamén podes ver no apéndice do libro.

CONTRACCIÓNS DO ARTIGO

| PREPO-SICIÓNS | ARTIGOS DETERMINADOS | | | | ARTIGOS INDETERMINADOS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | o | a | os | as | un | unha | uns | unhas |
| a | ao (ó) | á | aos(ós) | ás | | | | |
| con | co | coa | cos | coas | cun | cunha | cuns | cunhas |
| de | do | da | dos | das | dun | dunha | duns | dunhas |
| en | no | na | nos | nas | nun | nunha | nuns | nunhas |
| por | polo | pola | polos | polas | | | | |

**Observación**: Ter en conta que **ao** debe pronunciarse como **o** e **aos**, como **os**.

Exemplo:

*Olvidei as miñas lentes* ***na*** *mesa* ***do*** *salón* ***da*** *túa casa.*

*Puxeron unhas cortinas* ***cunha*** *cor moi rechamante.*

CONTRACCIÓNS DOS DEMOSTRATIVOS

| PREP | DEMOSTRATIVOS | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | este | ese | aquel | esta | esa | aquela | estes | eses | aqueles | estas | esas | aquelas |
| **de** | deste | dese | daquel | desta | desa | daquela | destes | deses | daqueles | destas | desas | daquelas |
| **en** | neste | nese | naquel | nesta | nesa | naquela | nestes | neses | naqueles | nestas | nesas | naquelas |

Exemplo:

*A foto* ***dese*** *libro non cabe* ***neste*** *marco.*

CONTRACCIÓNS DOS INDEFINIDOS

| PREP | INDEFINIDOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | algún | algunha | algúns | algunhas | outro | outra | outros | outras |
| **de** | dalgún | dalgunha | dalgúns | dalgunhas | doutro | doutra | doutros | doutras |
| **en** | nalgún | nalgunha | nalgúns | nalgunhas | noutro | noutra | noutros | noutras |

Exemplo:

***Dalgún*** *de vós son as cores, non son* ***doutro*** *neno calquera.*